

10 MOTIVOS PARA ASOCIARSE

1. CONVENIOS: Os asociados contan coa posibilidade de disfrutar de importantes descontos tanto polos convenio propios como polos de APE Galicia, entidade á que estamos asociados: servizos bancarios, enerxía, formación superior ou servizos xurídicos son algúns exemplos.

2. FORMACIÓN: Ao longo do ano realizamos, tanto presencial coma online, numerosos cursos, charlas e seminarios sobre temas de interese para o empresario. Tamén terás vantages se queres participar nos programas e actividades formativas dependentes da administración pública, escolas de negocios e entidades superiores.

3. SUBVENCIÓNS: Realizamos todo o proceso, dende a información inicial ata a solicitude, xustificación e seguimento de todo o expediente.

4. INFORMACIÓN: Remitimos de maneira puntual e constante información coas novedades que poidan ser de relevancia para as empresas. Lexislación, convenios, calendario laboral, programas públicos, actos e actividades de interese, congresos, comunicados de facenda, SS SS e similares. Ademais cada semana recibirás unha circular co resumo de actividades celebradas e un apartado con todas as axudas vixentes nese período.

5. CAMPAÑAS E FIDELIZACIÓN: Os clientes dos negocios asociados poden rexistrar os tíckets para acumular puntos e cambiar por agasallos do catálogo de premios ABE e participar en sorteos e promocións durante todo o ano. Tamén van poder utilizar os bonos ABE no teu establecemento tanto os que se poñen como premio en campañas como os que mercan particulares para regalar.


6. REPRESENTACIÓN: A labor fundamental da asociación e que os asociados teñan capacidade de exercer presión ante as administracións públicas para a consecución de melloras ou na resolución de problemas que afectan ao sector. Neste punto é fundamental a fortaleza do colectivo que agrupa a 200 empresas e que pretende crecer para que tamén o faga a nosa influencia.

7. USO DE INSTALACIÓNS: A ABE conta cunhas magníficas instalacións que están a disposición dos socios para que celebren xuntanzas, cursos, presentacións de produtos e similares. Cunha simple reserva online poden dispoñer de 2 aulas, 1 sala de xuntas e mesmo de un salón de actos con 100 localidades e todo elo de xeito gratuito.

8. NETWORKING: Pertencer a ABE permite poñerte en contacto con 200 empresas da contorna, compartir experiencias, establecer relacións comerciais ou simplemente sentirte acompañado por outros empresarios con problemáticas similares. Organizamos cada ano dous eventos de alto nivel como son os Premios ABE e o Fálame Sempre. Ser socio da dereito a asistir a ambos.

9. PROMOCIÓN: Posibilidade de promoción na web e RRSS da Asociación que chegan a milleiros de clientes e usuarios. É unha excelente maneira de dar a coñecer ás empresas asociadas un determinado produto ou oferta ou mesmo algúns dos proxectos que levan a cabo.

10. VISIBILIDADE E VALOR DE MARCA: Somos unha comunidade dinámica, aberta e colaborativa. Os nosos asociados teñen voz e voto nas Asembleas, poden formar parte dos Órganos de Goberno. Somos unha das entidades mais representativas da comunidade autónoma e o noso centro comercial aberto obtivo en 2015 a mención especial e en 2019 un accésit nos premios nacionais de comercio, máximo galardón do goberno de España en materia comercial.



Asociación
Boirense de
Empresarios

info@abe.gal
tel_981847888
wasap_602484123